

O CONTO DA PRINCESA KAGUYA

99

[Isao Takahata, 2013]

ESTREA EN NUMAX: 30.01.2016 | V.O.S.E. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Kaguya-hime no Monogatari (2013, 137')

Dirección: Isao Takahata

Guión: Isao Takahata, Riko Sakaguchi

Dirección de arte: Kazuo Oga

Son: Pierre Brouard

Música: Joe Hisaishi

Produtora: Studio Ghibli, Dentsu, Hakuhodo DY Media Partners, KDDI Corporation, Nippon Television Network, Toho (Xapón)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Ana de las tejas verdes, 2010

Mis vecinos los Yamada, 1999

Pompoko (Pom Poko), 1994

Recuerdos del ayer (Los recuerdos no se olvidan), 1991

La tumba de las luciérnagas, 1988

Goshu, el violoncelista, 1982

Heidi, 1974 [TV]

SINOPSE

A historia comeza cando unha parella de anciáns campesiños atopa unha nena moi pequena dentro dunha planta de bambú e decide adoptala como se fose a súa filla. Convertida axiña nunha fermosa muller, é pretendida por moitos homes, incluído o emperador, pero ela rexéitaos a todos porque asegura vir da Lúa e debe volver alí.

«O filme ten o trazo sinxelo dun manga, pero tamén expresividade rotunda, unha idea do trazo, a luz e a cor que hoxe por hoxe parece irremediabelmente perdida no cinema de animación»

Quim Casas, EL PERIÓDICO



O CONTO DA PRINCESA KAGUYA

[Isao Takahata, 2013]

Entrevista con Isao Takahata

Por que escolliches esta historia?

A historia orixinal é ben coñecida en Xapón e xa había 50 anos que me parecía interesante abordala deste xeito. Non é que eu tivese o proxecto en mente se non que coidaba que sería boa cousa que alguén o levase a cabo. Pensaba sobre todo no público xaponés e no interese que podería acadar unha adaptación deste libro a xeito de filme de animación. Iso foi o que me impulsou.

Cando deixou de ser algo máis ca unha idea?

Hai uns oito anos retomei o proxecto. Por suposto houbo momentos nos que non traballei no filme senón que me centrei na escritura ou outras cousas, pero foi máis ou menos nesa altura cando unha mañá espertei lembrando o proxecto. Presenteilla a Toshio Suzuki, produtor do Studio Ghibli e figura central do estudio. E el dixo, «Ben, se coidas que podería ser interesante, por que non a fas ti?» E pensei, «Veña, vale, se cadra podo traballar nel».

Cal foi o seguinte paso?

Levoume bastante tempo darlle corpo á historia. Pensaba na lúa, que vemos sempre como unha esfera radiante porque o sol brilla encol dela, mais que en realidade non ten cor nin vida, namentres a terra está chea de cor e vida. Quería empregar este contraste para mostrar por que a Princesa Kaguya podería querer voltar á terra, mesmo cando na historia orixinal cóntase que a lúa é un lugar no que a xente non ten medos, unha especie de mundo estado puro. Levoume un certo tempo completar a idea e pensar na mellor maneira de me aproximar a ela, e contei coa axuda dunhas cantas persoas para facelo.

Os debuxos son todos teus?

Eu non debuxo, fago algúns pequenos bosquexos para amosar á xente como ten que facerse mais, basicamente, non debuxo.

Consideras que estás influenciado pola animación occidental?

Á miña idade xa non sei de onde veñen as miñas influencias. Por suposto, na miña xuventude, tiña grande respecto e admiración por Disney e o seus traballos, mais sempre o considerei moi afastado da realidade do Xapón como para empregar o seu traballo como referencia.

Por exemplo, é moi diferente a animación en inglés ca en xaponés. Aquí, podemos falar se apenas mover os beizos, sen xestos amplos. Esa é a maneira habitual de falar en xaponés. Os filmes occidentais son moi diferentes, teñen acción de máis para os levar ao contexto xaponés. Se empregas esa caste de xesticulación a xente dirá, «está moi occidentalizado», de xeito despectivo. A animación está moi ligada á cultura na que a fas, así que cómpre ser moi coidadoso coas influencias.

Como ves o futuro do Studio Ghibli?

Hai xa un tempo que non estou implicado na dirección do estudio co que non sei o que vai acontecer, mais coído que é probábel que os filmes que se fagan no futuro teñan pequenas diferenzas cos que se fixeron ultimamente. Aínda que Hayao Miyazaki [director e co-fundador de Ghibli canda Isao Takahata] dixo que se retirou da realización, estou seguro de que ha continuar a traballar en pequenos proxectos, se cadra curtametraxes. Non creo que ninguén no estudio saiba o que vai acontecer. Yoshiaki Nishimura é produtor d'*O conto da princesa Kaguya*, e tamén entrou na produción doutro filme que vén de lanzar Ghibli, *O recordo de Marnie*. Son produtores coma el os que, de certo, terán relevancia no futuro do estudio.

E que vai facer vostede a continuación?

No meu caso, teño que pensar na miña idade. Non estou certo de ter a enerxía física e mental para facer outra longa e mesmo non sei se me apetece. Por suposto, sería preciso contar cun excelente produtor que puidera xuntar o diñeiro necesario que me permitise realizar o filme. En termos de animación hai animadores talentosos na compañía que poderían traballar nos debuxos e mesmo para este proxecto contratamos moitos animadores de fóra do estudio. Penso que terían que xuntarse todas estas condicións para que eu decida facer filmes no futuro.

Coida que veremos unha nova xeración de animadores a coller o testemuño en Ghibli? Veremos, a Disney nun momento dado parecía que ía desaparecer mais conseguiu rexurdir e agora é unha gran compañía. Pode que un xeito de dirección completamente diferente se faga realidade na compañía ou pode que se veña abaixo definitivamente. Non estou certo.

Extraído de: <http://www.rte.ie/ten/news/2015/0324/689287-interview-princess-kaguya-director-isao-takahata/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

El cuento del cortador de bambú

Anónimo. Trotta, 2008

Sueños y ensoñaciones de una dama de Heian

Dama Sarashina. Atalanta, 2008

La historia de Genji. Murasaki Shikibu

Atalanta, 2006

El viento se levanta. Hayao Miyazaki

Vértigo [Blu-Ray]

El viento se levanta. Hayao Miyazaki

Vértigo [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org